

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de agosto de 2020
Duración	Desde as 21:08 ata as 22:09 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	NON
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURÁN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVÁN MANUEL SANMARTÍN EIRÍN	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZÁLEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE (Incorpórase á sesión as 21:14 h)	SÍ

Concello da Estrada





[REDACTED]	LUIS LÓPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA (Abandona a sesión ás 21:40 horas)	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS (Abandona a sesión ás 21:33 horas)	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURÁN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN AO APOIO Á VECIÑANZA AFECTADA POLAS ELEVADAS COMISIÓNS E GASTOS APLICADOS SOBRE AS SÚAS CONTAS BANCARIAS POLA ENTIDADE ABANCA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por ser un asunto derivado dunha moción presentada polo grupo municipal de MOVETE, concedéselle a palabra á súa voceira, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen proceder a dar conta da nomeada moción e que se transcribe literalmente de seguido:

“Unha parte importante da nosa veciñanza con contas bancarias na entidade Abanca estase a ver prexudicada por elevadas comisións e gastos que esta entidade bancaria está a aplicar aos seus clientes, máis gravosa aínda naquelas modalidades coñecidas como “libreta á vista”. Estas comisións impoñense sobre contas correntes, non sobre produtos financeiros de esperada rendabilidade; afectan ao consumidor.

Non é obxecto desta Moción disertar sobre a legalidade ou ilegalidade desta práctica bancaria/comercial; práctica que este grupo considera falla de ética e abusiva entendida polo exercicio dunha posición dominante do banco sobre os usuarios; máxime na situación de vulnerabilidade en que se atopan moitos afectados e que, ademais, temos unha poboación avellentada, coas dificultades/imposibilidades de acceder a outros modelos bancarios que non lles cobrarían estas comisións (certa banca online...).

Non sobra lembrar a orixe da entidade Abanca, resultado da venda a prezo de saldo da agrupación de varias caixas de aforro galegas rescatadas con diñeiro público. Entidade que actualmente pregoa abondosos beneficios.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4H9L5S6R2R26R277D9XNMGYZ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 12



Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

- 1.- Trasladar á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación de comisións e gastos por parte desta entidade sobre as contas correntes (comisión e gastos que roldan os 50 euros por semestre), e o apoio á veciñanza na reclamación da devolución dos mesmos.*
- 2.- Instar ao concello da Estrada a que, no caso de que a entidade Abanca non efectúe a devolución destas comisións, contacte con entidades bancarias de banca ética e caixa de aforros galega a fin de facer destas, as entidades bancarias e financeiras preferentes do concello”*

A Sra. Blanco Casais di, que despois de chegar a un ditame unánime na Comisión Informativa á que se someteu esta moción, no que se acorda estender o rexeitamento da aplicación de comisións ás contas correntes a todas as entidades bancarias con sede local, considera que deberíase facer especial mención á entidade ABANCA por varias cuestións, en primeiro lugar porque fai unha suba destes gastos de comisión en plena crise polo COVID-19, pola existencia dunha Plataforma de afectados e por afectar aos clientes máis vulnerables, tal e como recolle na moción transcrita. Sen embargo, acepta que se faga extensivo a todas as entidades bancarias.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, considerando que a proposta recollida no ditame da Comisión non é máis que un xesto desta corporación en apoio á veciñanza estradense que se veu afectada por estas elevadas comisións, polo que dificilmente o acordo que se vai a adoptar nesta sesión vai a ter un impacto real na política de cobramento de comisións de ABANCA e calquera outra entidade bancaria, sendo os propios clientes quen deben de facer presión, o que están a facer xa.

Di tamén estar de acordo en mencionar principalmente ás partes máis afectadas por causa da crise sanitaria e económica, ás cales estas comisións agravaron máis a súa economía.

Con respecto ao sinalado no punto 2 da moción, espera que se inicien contactos con esas entidades financeiras para atraer á nosa vila a instalación de oficinas e así operar con elas e cunhas condicións máis vantaxosas para o Concello.

Finalmente transmite o seu voto a favor da proposta deste asunto.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando a súa conformidade co ditame acadado ao abeiro da mencionada moción, aínda que estaba de acordo co espírito da moción por considerar que o negocio que está a facer ABANCA fai innecesario o cobramento das desmesuradas e abusivas comisións impostas aos seus clientes e que afectan, principalmente, aos entes sociais máis precarios; algo que as administracións públicas non poden consentir, ao menos de xeito público, xa que o Concello non pode facer nada pero si poñerse de parte dos veciños e das veciñas.

Por outra banda, manifesta a súa conformidade co ditame acadado na Comisión onde se acorda estender a solicitude a todas as entidades bancarias con oficinas na nosa vila e non só a ABANCA, aínda que as comisións de esta última son máis abusivas, sobre todo tendo en conta a historia desta entidade; considerando que, ao mellor, dende as administracións públicas nun futuro deberían instar á Xunta de Galicia a que pelexe por unha banca pública galega e así loitar polo benestar de todos/as, sobre todo polas clases máis desfavorecidas.

Finalmente di que votará a favor da proposta do ditame da Comisión e que se somete a aprobación.

O **Sr. Alcalde** agradece a iniciativa de MOVETE por haber presentado a devandita moción, así como ao resto dos grupos políticos por haber chegado a un consenso na respectiva Comisión Informativa e que modificou a proposta inicial da moción, dando lugar a un ditame que propón a





este pleno a adopción do acordo de *“notificar ás entidades financeiras con oficina na Estrada este acordo plenario de rexeitamento á aplicación de comisións e gastos sobre as contas correntes, entendendo que as persoas máis prexudicadas son, sobre todo, os diferentes sectores poboacionais economicamente vulnerables, e transmitir o apoio da Corporación á veciñanza na reclamación da súa devolución”*.

A continuación procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal de MOVETE, pola que propón o apoio á veciñanza afectada polas elevadas comisións e gastos aplicados sobre as súas conas bancarias pola entidade ABANCA, que a continuación se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha parte importante da nosa veciñanza con contas bancarias na entidade Abanca estase a ver prexudicada por elevadas comisións e gastos que esta entidade bancaria está a aplicar aos seus clientes, máis gravosa aínda naquelas modalidades coñecidas como “libreta á vista”. Estas comisións impóñense sobre contas correntes, non sobre produtos financeiros de esperada rendabilidade; afectan ao consumidor.

Non é obxecto desta Moción disertar sobre a legalidade ou ilegalidade desta práctica bancaria/comercial; práctica que este grupo considera falla de ética e abusiva entendida polo exercicio dunha posición dominante do banco sobre os usuarios; máxime na situación de vulnerabilidade en que se atopan moitos afectados e que, ademais, temos unha poboación avellentada, coas dificultades/imposibilidades de acceder a outros modelos bancarios que non lles cobrarían estas comisións (certa banca online...).

Non sobra lembrar a orixe da entidade Abanca, resultado da venda a prezo de saldo da agrupación de varias caixas de aforro galegas rescatadas con diñeiro público. Entidade que actualmente pregoa abondosos beneficios.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

- 1.- Trasladar á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación de comisións e gastos por parte desta entidade sobre as contas correntes (comisión e gastos que roldan os 50 euros por semestre), e o apoio á veciñanza na reclamación da devolución dos mesmos.*
- 2.- Instar ao concello da Estrada a que, no caso de que a entidade Abanca non efectúe a devolución destas comisións, contacte con entidades bancarias de banca ética e caixa de aforros galega a fin de facer destas, as entidades bancarias e financeiras preferentes do concello”*

Visto o Ditame acadado polo Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 28/07/2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

Notificar ás entidades financeiras con oficina na Estrada este acordo plenario de rexeitamento á aplicación de comisións e gastos sobre as contas correntes, entendendo que as persoas máis prexudicadas son, sobre todo, os diferentes sectores poboacionais economicamente vulnerables, e transmitir o apoio da Corporación á veciñanza na reclamación da súa devolución.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se os

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4H9L5S6R2R26R277D9XNMGYZ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 12



presentes queren presentar algunha moción de urxencia; non habendo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE XUÑO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de xuño de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0617 ao número 2020-0684 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 31 de xullo de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0685 ao número 2020-0844 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4H9L5S6R2R26R277D9XNMGYZ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 12

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen empeza dando traslado da falta de limpeza en algúns parques infantís do casco urbano; e, en materia da desinfección á que obriga a nova normativa, pregunta cal é a periodicidade coa que se están a facer e por que no rural seguen pechados estes parques.

Responde o **Sr. Alcalde** que existe unha orde para que se proceda á limpeza dos parques infantís do casco urbano todos os días á primeira hora da mañá; en canto aos do rural, manifesta a complexidade para facer estes traballos de limpeza e desinfección pola imposibilidade de trasladar todos os días ás brigadas de limpeza, sen embargo estase a estudar a maneira de proceder á apertura dos parques do rural coas medidas de seguridade e hixiene obrigatorias.

O **Sr. López Bueno** insta a que os parques infantís do rural sexan abertos o antes posible.

No que respecta ao noso rural, traslada os seguintes rogos e preguntas:

- Prega que se sexa colocado un espello na saída dunha vivenda en Matalobos, o cal xa foi solicitado polo rexistro de entrada no día de hoxe.
- Prega que se solucione canto antes o problema existente tamén en Matalobos sobre un paso de auga que quedou derrubado e que tamén foi obxecto de previa solicitude.
- Informa que polo vial entre San Miguel de Castro e Arnois (por onde de sube á nave de Couto) pasan moitos vehículos pesados, causando problemas ás propiedades privadas colindantes con dito camiño, incluso pediuse unha sinal para que ditos vehículos pesados non puideran acceder á estrada provincial dende a nacional, pasando por alí, que deu lugar a un expediente rexistrado en xaneiro e onde consta informe emitido pola Policía Local. Polo dito insta ao goberno para que esa sinal sexa colocada canto antes.
- En relación aos arranxos de camiños que se están a facer en determinados lugares do noso concello, informa que quedaron algúns sen bachear, tales como no lugar de Rendo - Oca (ao carón da farmacia); no lugar de Besteiro; as pistas que van de Rebordelo á capela e de Rebordelo a Sandán, da parroquia de Tabeirós, e tamén outra no lugar de As Quintas, da mesma parroquia.
- Sobre os proxectos de asfaltado, pregunta que criterios foron empregados para decidir que camiños entraban nos mesmos, xa que deduce destes que esquécese máis da metade dos viais municipais, incluso non se inclúen pistas obxecto de reclamacións en anteriores sesións plenarias e en peor situación que outras que si figuran.

A esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** responde que os criterios utilizados foron técnicos, é dicir, segundo valoracións dos técnicos municipais, ademais doutros de carácter organizativo, segundo os cales intentouse concretar os camiños da zona sur do concello para unha mellor eficiencia na execución das obras. Posteriormente haberá outro proxecto onde se incluírán o resto das actuacións, avanzando que seguramente non chegarán os recursos económicos porque a valoración a día de hoxe é en torno a tres millóns e medio de euros, quedando aproximadamente un millón de euros para acometer a finais deste ano parte desas outras actuacións, esperando que no vindeiro ano se acometa esa segunda fase para completar a totalidade das pistas do rural.

Continúa coa súa intervención o **Sr. López Bueno** dicindo, en relación á fonte rehabilitada sita ao carón da igrexa románica de San Miguel de Castro, a cal adoce dunha obstrución dende fai tres semana, do que ten coñecemento o Concelleiro delegado do Rural, preguntando se se ten previsto algunha actuación para arranxar



a nomeada fonte.

O **Sr. Alcalde** contesta que estase a valorar a realización de actuacións en entornos e fontes de varias parroquias, descoñecendo se esa fonte está dentro dese proxecto, en caso contrario intentarase, na medida do posible, acometela con recursos propios.

O **Sr. López Bueno** traslada as queixas de comerciantes e veciños sobre a pouca claridade de información dos horarios que permiten o paso dos vehículos dende a Porta do Sol cara arriba, polo que pregunta cales son eses horarios, en caso de non existir, prega que faga unha táboa de horarios pública para todos.

Responde o **Sr. Alcalde** que é descoñecedor deses queixa, trasladándolle que ese tramo da rúa Calvo Sotelo está pechado de forma habitual, cun algúns cambios os días de feira; en xeral, os vehículos poden circular por ese tramo co fin de acceder aos seus garaxes e para a labor de carga e descarga.

O **Sr. López Bueno**, manifesta a súa dúbida sobre os días de feira, porque onte pola mañá por alí e había unha patrulla da Garda Civil e podíase circular pola rúa Calvo Sotelo.

O **Sr. Alcalde** di que lle estraña, salvo que fora para entrada a garaxes, porque ese tramo de rúa está pechado a esas horas.

O **Sr. López Bueno** reitera a súa petición de poñer a disposición dos veciños os horarios de peche e apertura deses tramos de vías pechados á circulación de vehículos.

En relación á nosa vila, traslada as queixas de varios comerciantes sobre a falta de lavado dos contedores de lixo, reclamando se corrixa esta deficiencia canto antes.

O **Sr. Alcalde** aclara que está planificado o lavado dos contedores de lixo verdes ao longo deste mes. Informa tamén que se está a traballar para ver a forma de mellorar o servizo, xa que se está a ter problemas con algunha empresa encargada da recollida selectiva, por mor de estar en ERTE.

Pide o **Sr. López Bueno** que o lavado non se limite aos contedores verdes, senón tamén aos outros.

A voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, intervén preguntando cales son as medidas que se van a tomar para o inicio do curso escolar en primaria con seguridade e, aínda que non sexa competencia directa do Concello, débese vixiar que se garanta esa seguridade nos centros de secundaria.

Explica o **Sr. Alcalde** que se tiveron dúas reunións coa comunidade educativa, unha a principios de xullo na que se citou aos equipos directivos dos CEIP para saber cal era a súa máxima preocupación a dous meses do inicio do curso, comunicándonos que o maior problema era cumprir o protocolo de seguridade e distanciamento social que tiñan establecido por causa de material e medios, ao que hai que sumar o problema que supón para o Concello ter unha persoa en cada centro para efectuar continuamente labores de limpeza e desinfección. Nesa reunión pedíuselle aos centros que emitiran un correo electrónico numerando os problemas cos que contaban, os cales foron resoltos en, aproximadamente, tres semanas, subministrándolles dispensadores de xeles e todo aquel material solicitado; e, a partires de aí, entendemos que outro factor importante vai a ser o Centro de Saúde, cuxo coordinador propuxo a creación dun equipo de traballo para





os centros de primaria e secundaria con dúas doutoras ao fronte. Posteriormente fíxose unha segunda reunión acordándose crear un equipo de traballo con todos os centros educativos onde se falou das medidas de protocolo no día a día, exercendo o papel de coordinador entre os servizos de ensinanza e os dos sanidade o propio Concello.

Continúa dicindo que vai a ser un inicio de curso difícil pola súa complexidade, informando que nesa segundo reunión acordouse facilitar un número de teléfono para todos os centros e a través do cal informarán de calquera cuestión que xurda durante o curso, e así dende o Centro de Saúde, ou ben dende o Concello, darase as solucións pertinentes, ademais de dar información sobre o funcionamento do protocolo establecido.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** sobre o avance na cesión de espazos por parte da Fundación para o Ciclo da Madeira.

Responde o **Sr. Alcalde** que ese tema tratouse no último Padroado e o compromiso foi que as Consellerías de Educación e Industria poñeríanse en contacto para chegar a un acordo. Di que tivo unha reunión co equipo directivo di IES Antón Losada, o cal manifestou a súa preferencia polo pavillón nº 3 da Fundación de Exposicións e Congressos, algo que hai que valorar no Padroado por tratarse a peza máis importante de todo o edificio e que condicionará outras posibles actuacións; polo que respecta á súa opinión, di que está convencido de converter ese espazo nun centro de referencia en materia de innovación e investigación en materia da madeira. Informa que sabe que estiveron os técnicos da Consellería valorando a posibilidade de instalar eses talleres no pavillón nº 5 e así non dificultar tanto a celebración doutros eventos, estando agora mesmo pendente de que sexa resolta a celebración dun Convenio entre as Consellerías de Educación e Industria, o cal trasladarán ao Padroado antes da súa sinatura para que este decida.

Continúa aclarando que, particularmente, deixou clara a súa postura, esixindo á Consellería de Industria para que cedese competencias, esperando que ao inicio do curso traia esa boa noticia de ampliación dos espazos do IES Antón Losada para os ciclos de mecánica e madeira.

A **Sra. Mar Blanco**, prosigue coa súa quenda de Intervención, deixando constancia da mala sinalización da Travesía de Penerada, concretamente o cruce que vai ao lugar de Penerada; a este respecto comunica que hai unha sinal de STOP totalmente tapada polas silvas, uns cables de Telefónica que están tocando no chan, un banco moi gastado, etc; tamén a pista que sube cara á fábrica da pedra está en moi mal estado. Polo que prega que se proceda a un “lavado de cara” do lugar de Penerada.

Intervén o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, a raíz da solicitude da veciñanza de A Portela - Codeseda dun contedor de lixo a maiores, por causa do seu aumento de poboación, así como do arranxo da marquesiña de espera ao autobús, pregunta se se atenderon estas peticións.

O **Sr. Alcalde** lle informa que pronto se fará o subministro do contedor de lixo e da reposición da marquesiña.

O **Sr. Sanmartín Eirín**, en relación ao problema de abastecemento de auga en Codeseda, di que se está a subministrar auga mediante camións, sendo coñecedor da existencia de perdas na rede de abastecemento grazas á existencia dun vídeo que reflexa unha destas perdas, polo que pregunta se xa se detectaron os problemas que causan estas e que causan que o subministro non sexa suficiente e se hai algún plan de actuación.



Para contestar toma a palabra o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen aclara que ese vídeo recolle unha perda pequena e que foi arranxada nese momento, non sendo esta a causa principal do excesivo consumo de auga, de feito ese día houbo en Codeseda un consumo de 153 m³ de auga, algo inaudito, sen embargo, a partires dese día, pasouse a un consumo de entre 30 e 40 metros cúbicos, non sabendo a que se debeu ese consumo tan excesivo e puntual.

En canto ao subministro de auga por camións, aclara que é unha medida preventiva para evitar a falta de auga en caso de suceder algún imprevisto, porque nesta época estival sempre hai un consumo maior.

O **Sr. Iván Sanmartín**, di que algún veciño lle comentara que poderíase instalar algún tipo de contador en tramos intermedios da traída para controlar e identificar a causa deses consumos excesivos, porque ao final pagan xustos por pecadores, considerando que está claro que este desfase no consumo é debido a persoas en concreto que están a facer un mal uso da auga. Idea que lle parece boa.

O **Sr. Constenla Carbón** di que está claro que algún veciño está a cometer un fraude, por iso estase a facer todo o posible para detectalo. Por outra banda, en canto a colocación de contedores en tramos intermedios, informa que tamén hai outros medios tales como cámaras nas tuberías.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para aclarar que é necesario facer unha segunda actuación para captación de mananciais, de feito xa se ten iniciado o procedemento tendo o informe de Augas de Galicia e que permite acometer esa obra a finais do verán e así mellorar a achega de auga aos depósitos; sen embargo, coa actual captación e despois da obra realizada o ano pasado, a auga que chega na actualidade aos depósitos debería ser suficiente para dar servizo ás máis de setenta vivendas que gozan deste subministro. Informa que revisouse toda a rede, detectándose algunha microrotura, pero ningunha destas puido haber provocado nun día ese consumo excesivo de 153 m³ e, ao día seguinte, 40 m³ sen haberse arranzado; polo tanto está claro que pódese tratar dun uso fraudulento do servizo.

Polo anterior, considera que está claro que o servizo estase a prestar de forma axeitada, polo que procedería concienciar aos/ás veciños/as para que fagan un bo uso do subministro de auga e facer unha labor de inspección para detectar eses consumos abusivos; ademais de intentar acometer este ano a actuación nomeada anteriormente de captación de novos mananciais e así solucionar os prexuízos ocasionados á veciñanza desta zona, estando de acordo en que ao final pagan xustos por pecadores.

Para rematar, o **Sr. Sanmartín Eirín** para denunciar que en Figueroa de Arriba, por onde pasa o regato de Barranqueira de Pontenova, hai uns tubos que verten augas de lavadoras, pero, a parte desas augas con deterxentes, detectou esta semana que estase a verter sólidos, pregando que se proceda a detectar cal é a causa destes vertidos, porque ao estar o nivel baixo de auga nesta época, estes restos estanse a almacenar .

O **Sr. Alcalde** lle responde que mañá se irá alí para revisar esa cuestión.

Comeza a súa quenda a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, facendo dúas preguntas:

- ¿Por que o GES deixou de retirar niños de velutina e quen os está a retirar neste momento?
- ¿Cando se tarda e retiralos dende que chega o aviso e se quedan os niños



ben neutralizados?

Responde o Concelleiro de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, informando que actualmente existe un problema co tipo de biocidas a utilizar, porque a xente non os pode usar sen previa autorización, polo que, ata solucionar este problema, non se poden retirar os niños de velutina das vivendas, sen embargo esta labor a está a facer os bombeiros de Silleda e Emerxencias da Estrada.

En canto a se os niños quedan neutralizados, depende do biocida utilizado, sen embargo é algo que non soe ocorrer.

No que respecta aos niños sitios en lugares de paso, os retira directamente XEAGA.

Pregunta a **Sra. Camba Castro**: ¿Canto tempo pode tardar ter eses traxes de novo?

O **Sr. Alcalde** aclara que non se trata de traxes, senón que para utilizar os biocidas os traballadores necesitan dunha certa preparación, por iso mesmo o persoal do GES presentou un escrito reclamando formación suficiente, estando neste momento a estudar a posibilidade de que poidan utilizar outro tipo de produtos e, mentres tanto, todos os avisos para retirada de niños de velutina estanse xestionando para a súa retirada polos bombeiros e por un grupo reducido de traballadores do GES.

Continúa a **Sra. Camba Castro** preguntando para cando está previsto recuperar o servizo nocturno da Policía Local, sendo necesario debido ás queixas derivadas do ocio nocturno e outras causas tales como pelexas, vandalismo, etc, e que están a provocar inseguridade na veciñanza.

O **Sr. Alcalde** lle responde que, neste momento, non lle pode dar unha data, porque, despois de valorar distintos cuadrantes cos efectivos da Policía Local que están en activo (actualmente 12), resulta imposible reanudar o servizo nocturno respectando as condicións laborais dos traballadores.

Informa que está feita a Oferta de Emprego Público para cubrir dúas prazas vacantes (máximo para incluír neste exercicio), estando pendente de que a Academia convoque o novo curso de policía e a nova convocatoria de prazas, calculando que sexa no vindeiro mes de novembro, esperando así cubrir esas vacantes o antes posible e así recuperar o servizo policial ao 100%.

Aclara que a situación actual non é responsabilidade do goberno, senón que ven dada pola limitación imposta polo goberno central e que afectou imposibilitando a cobertura das prazas vacantes producidas por xubilación, por este motivo, non puideron incorporarse á Oferta de Emprego Público, quedando nun limbo que aínda non temos forma de resolver; salvouse unha no exercicio 2018, dúas no 2019, porque eliminouse a taxa de reposición do 50%, estando agora no 100%.

En definitiva, estase intentando buscar solucións sen afectar á situación laboral dos axentes da policía, aínda que durante un tempo estivo solucionándose o problema con horas estras, pero incumpríase continuamente coa norma de horas máximas para este servizo; a única solución é ter como mínimo 18 policía para dar cobertura ao servizo diario, nocturno e durante os días festivos, crendo que con tan só 14 poderíase volver a valorar o cuadrante, para o que hai que esperar cubrir esas dúas prazas vacantes na actualidade, pero a curto prazo non vai a ser fácil.

A **Sra. Camba Castro** pregunta, en relación a unha anterior intervención sobre a limpeza dos contedores de lixo, se ese servizo é só para os sitios no casco urbano ou é extensivo aos do rural, en caso negativo, cre que debería ter en conta e valorar a limpeza dos contedores de lixo no rural.



Aclara o **Sr. Alcalde** que a limpeza que está planificada é só para os da vila.

A continuación, a **Sra. Camba Castro**, expresa os seguintes rogos:

- Que sexan colocados máis contedores de recollida selectiva de papel por zonas no rural.
- Reitera o rogo da colocación de dous espellos de tráfico na saída do CEIP Pérez Viondi e outro na saída da pista de Os Cebados (Aguións) á estrada que vai a Barbude.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa do público (previa identificación) quere trasladar algún rogo ou pregunta.

Pide a palabra o **Sr. José Manuel Valladares Bugallo** [REDACTED], para aclarar que a fonte de San Miguel de Castro non é de uso exclusivo polos animais, senón que tamén presta servizo á igrexa, ao cemiterio e ás persoas que practican sendeirismo pola zona, chamando el mesmo varias veces á Alcaldía para comunicar que estaba atascada e cumpría a súa reparación, pero non houbo maneira de que lle atendera a chamada o Sr. Alcalde, polo que quere lembrarlle a este que está para servir ao pobo, sentíndose discriminado, porque os políticos están postos polos cidadáns para facer unha política de igualdade.

Tamén critica a xestión das entidades bancarias polo mal trato aos seus clientes, moitos de eles emigrantes que traballaron moito no estranxeiro para poder aforrar uns cartos.

En canto ao servizo de recollida de lixo, quéixase do seu mal funcionamento, porque veu como os traballadores encargados da recollida viron que había nun contedor pouca cantidade de lixo e non o recolleron, aínda que producía un cheiro repugnante as bolsas que alí estaban.

En relación ás pistas de San Miguel de Castro, traslada a súa queixa pola súa falta de limpeza e mantemento.

Aclara, o Sr. Valladares, que o biocida utilizado para eliminar os niños de velutina bótase cunha especie de escopeta que penetra no niño e o envolve, eliminándoo.

Remata a súa intervención queixándose polo servizo de bacheo, o cal lle da moita pena e, cando se bota gravilla, deberíase sinalizar para evitar accidentes por derrape.

O **Sr. Alcalde** agradece a súa intervención informándolle que toma nota das súas queixas e que se intentará dar solución na medida do posible.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e nove minutos do día do seu comezo.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións, do cal se fai cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4H9L5S6R2R26R277D9XNMGYZ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233